


Plan Xeral de Atención á Diversidade (PAD)

Cuestión de Actitud



habilidades diferentes ¡Nuestra fuerza!

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

Concíbese a atención á diversidade educativa como o conxunto de medidas e accións deseñadas co fin de adaptar a resposta educativa ás diferentes características, potenciais, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todos os estudantes. Estas medidas e accións involucran toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas organizativas e curriculares que teñan en conta a diversidade de todos e cada un dos estudantes. O obxectivo educativo de garantir que todas as persoas alcancen o máximo desenvolvemento persoal e social require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta a igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios. E sendo isto necesario para a totalidade dos estudantes, éo máis no caso de aqueles que teñen necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou unha historia escolar moi desfavorable. A atención deste alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo na Orden de 8 de setembro de 2021, por a que se desarrolla el Decreto 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia Lei 2/2006, deben axustarse, entre outros, aos principios de normalización dos servizos, a flexibilidade na resposta atención educativa, de prevención e atención personalizada.

En consecuencia, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser causa de discriminación na organización da atención educativa dos estudantes, polo que o centro debe proporcionar unha resposta que compense as diferenzas individuais de todos os estudantes, baixo os principios de normalización e da inclusión e dende a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.

(Decreto 229/2011)

DETERMINACIÓN DE OBECTIVOS.

OBECTIVO XERAL:

Dar resposta ás necesidades do alumnado, contribuíndo ó desenvolvemento integral dos alumnos. Atender á diversidade do alumnado, potenciando a inclusión como principio de intervención educativa.

Co alumnado:

- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe, a través de medidas organizativas centradas en facilitar ao titor/a e ao profesorado unha intervención máis individualizada.
- Detectar tempranamente, ao alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, independentemente da súa orixe (necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou condicións persoais ou familiares).
- Establecer as medidas de reforzo educativo (curriculares ou organizativas) axeitadas para cada alumno/a ou grupo: apoio no grupo ordinario, apoio fóra do grupo ordinario, adaptacións curriculares,...
- Impulsar a elaboración de programas de intervención e prevención, centrados especialmente:
 - Na prevención e diagnóstico dos trastornos da linguaxe oral e a comunicación.
 - Mellora das competencias nas áreas de lingua e matemáticas.
 - Atención ao alumnado de novo ingreso.
- Impulsar o desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo, en todas as etapas educativas.

Co profesorado

- Implicar ao profesorado no proceso de atención á diversidade, explicándolles o modelo de traballo do D.O.
- Promover e impulsar o traballo en equipo entre os membros do D.O. e o profesorado das distintas etapas e niveis que se imparten no centro.
- Colaborar co profesorado titor e o das diferentes materias no deseño de medidas que faciliten unha resposta diversificada na aula (materiais, actividades,...)
- Colaborar co profesorado na prevención e detección das dificultades de aprendizaxe. Así como no establecemento das medidas de atención á diversidade máis adecuadas favorecendo unha intervención globalizada.
- Participar na elaboración e posta en marcha da Avaliación de Competencias, Plan de Convivencia de Centro..

Coas familias

- Fomentar o achegamento da vida escolar ás familias, fomentando a súa implicación - responsabilidade no proceso educativo.
- Asesorar as familias sobre a situación dos seus fillos ao longo do período de escolarización, especialmente en aquelas situacións e momentos que se consideren especialmente decisivos (fin da escolarización, cambio de etapa, avaliación de n.e.e. seguimento do reforzo educativo...).

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Enténdense por medidas de atención á diversidade aquelas ACTUACIÓNS, ESTRATEXIAS ou PROGRAMAS destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Á hora de establecer as devanditas medidas teremos en conta:

- As accións preventivas e a detección temperá terán un carácter prioritario. Nelas implicarase e participará toda a comunidade educativa.

- Na resposta educativa á diversidade priorizarse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

- Medidas Preventivas

a- Avaliación inicial:

Finalidade:

- Adecuar a programación ás características do alumnado.
- Prever actividades para adquirir ou afianzar coñecementos necesarios para seguir avanzando.
- Que o alumnado sexa consciente do seu punto de partida.
- Detectar o Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (A.C.N.E.A .) para o que será necesario planificar mecanismos de compensación.
- Coñecer a motivación para o estudo do noso alumnado.

Información que debemos recoller na avaliación inicial:

- Saber cal é o grao de adquisición de coñecementos previos e hábitos de traballo sobre os que se construírá un novo coñecemento.
- Saber o tipo de razoamento e de métodos de traballo que esixirá a realización das actividades propostas.
- Avaliar o tipo de dificultades coas que se atopan os alumnos, estratexias que empregan e hábitos que teñen adquiridos.
- Valorar actitudes en relación á aprendizaxe:
- Saber se os contidos que se están a traballar lles resultan interesantes, útiles,...
- Coñecer o grao de confianza na súa propia capacidade de aprender.
- Coñecer a disposición para o traballo cooperativo.

<u>Curso</u>	<u>Probas</u>
1º Educación Primaria	Avaliación Competencia Lingüística Avaliación Competencia Matemática
3º Educación Primaria	Avaliación Competencia Lingüística Avaliación Competencia Matemática
5º Educación Primaria	Avaliación Competencia Lingüística Avaliación Competencia Matemática

b.- Avaliación psicopedagóxica:

De xeito xeral avaliarase as aptitudes escolares do alumnado nas etapas de Ed Infantil, Primaria e ESO co fin de detectar posibles necesidades educativas ou dificultades de aprendizaxe e determinar así as medidas de atención á diversidade a desenvolver.

Durante o curso avaliarase o alumnado de 6º de E. Infantil, 2º, 4º, 6º de Ed. Primaria e 2º e 4º ESO e 2º de Bacharelato, mediante probas estandarizadas para os diferentes niveis. Unha vez analizados os resultados manterase unha reunión co titor/a de cada grupo para informalo dos resultados e invitarase ás familias a coñecer os resultados dos seus fillos en entrevistas individuais coa orientadora.

<u>Curso</u>	<u>Probas</u>
2º Educación Primara	BADyG E1
4º Educación Primaria	BADyG E2
6º Educación Primaria	BADyG E3
2º ESO	BADyG M
4º ESO	BADyG M
2º BACH	BADyG S
6º E. Infantil	BADyG I

Así mesmo se avaliará a todo aquel alumno que por diferentes motivos o solicite o titor/a. Unha vez recollida toda a información dos distintos aspectos dese alumno/a descritos, procederase a elaborar o conseguente informe escrito por o Orientador/a, seguindo o modelo proposto por lei en todo caso o devandito informe deberá recoller: por unha parte as necesidades educativas do alumno, e se estas son especiais facelas constar por escrito; por outra, especificar as conseguentes orientacións didáctico-pedagóxicas que sexan basicamente de tipo curricular e que axuden ao profesor a elaborar as correspondentes adaptacións curriculares, xa sexan significativas ou non. No caso de que sexan significativas, esas orientacións deben ser un avance do que posteriormente sería a Adaptación Curricular Significativa.

c. – Optatividade na ESO e Bacharelato

A opcionalidade debe atender á diversidade no referido, fundamentalmente, ás motivacións intereses e necesidades do alumnado.

A finalidade da optatividade é:

- Favorecer aprendizaxes globalizadas e funcionais, contribuíndo á consecución das capacidades básicas que promoven os obxectivos xerais, a través de saberes máis funcionais, máis próximos á realidade do alumnado.
- Facilitar a transición á vida adulta a través da introdución de contidos, actividades ou experiencias pre profesionais.
- Ofrecer ao alumnado diferentes itinerarios académicos que respondan ás súas capacidades, necesidades, posibilidades e intereses.
- Vincular a elección das materias optativas con estudos posteriores de bacharelato ou ciclos formativos.

Medidas Ordinarias

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteracións significativas dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias.

Entre estas medidas están:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos).
- Adecuación das programacións didácticas ao ámbito e ao alumnado.
- Uso de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia, e medidas e actuacións destinadas a mellorar a convivencia.
- Desdobre de grupos.
- Reforzo educativo e apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para alumnado de EP/ESO que permaneza un ano mais no mesmo curso; (informes tipo según a orde do 8 de setembro 2022):

Educación Primaria:

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. 2.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Educación Secundaria:

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Estes programas desenvólvense da seguinte maneira :

Exames parciais nos meses de novembro, febreiro e abril co fin de facilitar o estudo progresivo e poder así superar a materia. Aquel alumno que non supere ditas probas sempre poderá optar á convocatoria ordinaria de maio así como á convocatoria extraordinaria.

Materiais de recuperación: aos alumnos con materias pendentes se lles entregará material específico. A realización correcta deste material suporá un criterio de avaliación final.

No procedemento para a cualificación das materias pendentes, terase en conta a asistencia ás clases de recuperación programadas polos departamentos das diferentes materias, no caso de levarse a cabo, e a realización das tarefas asignadas por cada profesor para cada unha das materias a recuperar.

Clases presenciais para o alumnado con materias pendentes na área de linguas; os Mercores de 15:45h a 16:45h.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- Plan de reforz3 para alumnado de EP ESO que pase con materias sen superar; (informes tipo seg3n a orde do 8 de setembro 2022):

O alumnado que se promova de curso con materias sen superar deber3 seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado 3 s3a recuperaci3n e 3 s3a superaci3n no caso da Educaci3n secundaria.

O plan de reforzo ser3 elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno te3an pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento did3ctico e co co3necemento do profesorado titor, e ter3 como referentes os obxectivos da materia e a contribuci3n 3 adquisici3n das competencias. Igualmente, ser3 un plan que se adapte 3s particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento did3ctico velar3 pola realizaci3n do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificaci3n da alumna ou do alumno.
- b) Informaci3n relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Curr3culo para desenvolver, con especificaci3n dos criterios de avaliaci3n.
- d) Estratexias metodol3xicas que se utilizar3n no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalizaci3n.
- g) Seguimento e avaliaci3n.
- g) Acreditaci3n da informaci3n 3 familia.

Na educaci3n primaria este plan de reforz3 ser3 un punto de partida para co3ecer o alumnado e as posibles dificultades que poda presentar .

Na ESO : En cada sesi3n de avaliaci3n farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizar3nselle os axustes que proceda. Na sesi3n de avaliaci3n final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidir3n sobre a s3a avaliaci3n, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliaci3n na educaci3n secundaria obrigatoria. Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deber3n obter avaliaci3n positiva no plan de reforzo correspondente, o que se ter3 en conta para os efectos de promoci3n e/ou titulaci3n.

- Plan espec3fico personalizado para alumnado da ESO que permaneza un ano mais no mesmo curso; (informes tipo seg3n a orde do 8 de setembro 2022):

- Programas de habilidades e competencias sociais.

-De acordo coa normativa aplicable na ESO, podemos engadir a exenci3n da segunda lingua estranxeira a estas medidas ordinarias de atenci3n 3 diversidade. En 1º e 2º ESO cont3mplase a exenci3n na segunda lingua estranxeira (franc3s) para o alumnado con dificultades de aprendizaxe significativos. En relaci3n 3 devandita medida a Comisi3n de Coordinaci3n Pedag3xica do centro no curso 2016-17 en reuni3n extraordinaria modificou e acordou por maior3a os criterios para poder determinar esta exenci3n:

. Alumnado con certificado de minusval3a (condutual, sensorial,emocional,f3sica) igual ou superior o 33% con repercusi3n no proceso de aprendizaxe.

. Alumnado con AC nalgunha materia instrumental sendo algunha unha lingua.

. Promocionar a ESO con dúas linguas suspensas sendo unha delas 1ª lingua estranxeira Ingl3s.

. Desfase curricular de dous anos na materia de ingl3s.

. Repetición de 1º ou 2º ESO con Francés suspenso.

No caso de no cumprir estes criterios cada caso será estudiado en particular segundo as variables seguintes: repetición, materias suspensas, reforzos educativos...co fin de tomar a mellor decisión para o rendemento e aprendizaxe do alumno/a.

Procurarase que esta medida sexa tomada dende 1º ESO e teña continuidade en 2º ESO.

Para desenvolver a devandita medida o titor informará as familias das dificultades de aprendizaxe observadas e entregaralles un documento de información sobre a exención de francés. Unha vez que a familia entregue o documento ao centro expresando a súa conformidade coa medida iniciárase esta. O departamento de orientación realizará un informe e archivarase xunto co expediente. Esta medida reflectirase no expediente académico e na información ás familias como RE (reforzo educativo)

- Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios significativos no ámbito organizativo e ou na modalidade de escolarización.

As devanditas medidas aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario e/ou por resultar estas insuficientes.

Así mesmo para a aplicación destas medidas será necesaria a autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura territorial e/ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Segundo o Decreto 229/2011, e da orde do 8 de setembro de 2021; considéranse medidas de carácter extraordinario:

- As adaptacións curriculares
- Os agrupamentos flexibles
- O apoio do profesorado especialista en Pedagogía terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe
- A flexibilización da duración do período de escolarización
- A atención educativa ao alumnado que presente dificultades para a asistencia continuada ó centro educativo
- Atención Educativa Hospitalaria –
- Atención Educativa Virtual
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro (protocolo Acolida o alumnado desprazado polo conflito de Ucrania)
- Os grupos de adquisición de linguas
- Os grupos de adaptación de competencia curricular
- Atención educativa a mozas embarazadas

- Adaptacións curriculares,

Definición:

- a) É unha modificación dun ou de máis elementos prescritivos do currículo:

- Obxectivos.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

b) O referente serán os obxectivos xerais de etapa (P.C.E)

c) Os obxectivos poderán pertencer a outro ciclo ou etapa distinto do que cursa o alumno, sempre que sexa necesario.

d) Decidirase a conveniencia de elaborar unha A.C.S. unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Condicións:

a) Precisarán da autorización da inspección educativa.

b) Serán elementos do currículo susceptibles de modificación:

- Os obxectivos, que poderán ser readaptados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados
- Os contidos, que tamén poderán ser modificados e suprimidos.
- Os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e suprimidos.

c) Estarán dirixidos a alumnos que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, teñan un déficit de calquera índole ou posúan calidades excepcionais, e non poidan seguir o proceso ordinario de ensino- aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

d) O deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor que imparte a área ou materia ou alumno, coa colaboración do departamento didáctico, con asesoramento do orientador e do profesor de apoio.

e) Duración:

- Duración mínima un curso educativo

f) O seu desenvolvemento realizarase na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

CANLES DE COLABORACIÓN CON NAIS, PAIS OU TITORES/ÁS LEGAIS DO ALUMNADO E CON DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

As nais, pais e titores legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e o asesoramento respecto ás características e necesidades dos seus fillos e fillas, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención no centro educativo.

A devandita información poderá ser recibida por parte do titor, profesorado de audición e linguaxe, profesorado de pedagogía terapéutica ou do orientador.

A resposta negativa dunha familia ante a proposta de desenvolvemento dunha medida de atención á diversidade será recollida por escrito e arquivada no expediente do alumno/a.

A comunicación con servizos externos ao centro en relación coa situación dun alumno/a realizarase sempre baixo a premisa da confidencialidade e a autorización da familia.

Dende o centro velarase pola custodia e protección dos datos persoais do alumnado.

PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O Plan xeral de atención á diversidade concretarase anualmente no P.Anual de Atención á Diversidade que será incorporado á Programación Anual de centro. Así mesmo se elaborará a correspondente memoria anual que establecerá as propostas de mellora, e que xunto á memoria do departamento de orientación se incorporará á memoria anual do centro.

O seguimento do plan anual de atención á diversidade realizarase nas reunións do departamento de orientación baseándose nos indicadores especificados no proceso, especificándose as medidas a desenvolver en caso de ser necesarias

PROCESOS DO PAD

PAD2. Apoio ós procesos de ensinanza aprendizaxe Elaboración das programacions docentes/adaptación das mesmas ás necesidades do grupo de alumnos.

PAD3. Prevención e detección das dificultades de aprendizaxe, deseño e aplicación das medidas correctoras.

PAD4. Detección acneae/acnee.

PAD5. Avaliación psicopedagóxica.

PAD6. Organización da resposta educativa ó alumnado con acneae/acnee.


PAD7. Plans de traballo individual (PTI) /Adaptacions curriculares significativas (ACIs).

PAD8. Control do absentismo e seguimento.


PAD9. Coordinación cos servizos externos.

PAD10. Seguimento cambio de etapa


PAD 2. APOIO ÓS PROCESOS DE ENSINANZA APRENDIZAXE. ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIONES DOCENTES/ADAPTACIÓNS DAS MESMAS ÁS NECESIDADES DO GRUPO DE ALUMNOS INFANTIL / PRIMARIA / ESO




PAD 3. PREVENCIÓN E DETECCIÓN DAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE, DESEÑO E APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.



PAD 4. DETECCIÓN ACNEAE/ACNEE




PAD5. AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓGICA




PAD 6 /7 .ORGANIZACIÓN DA RESPOTA EDUCATIVA Ó ALUMNADO CON ACNEAE/ACNEE. (PTI/ACS)

ACCIÓN		RESPONSABLE	ASESORA		
Circunstancias que xustifican a medida:acneae	Incorporación tardía		Determina a circunstancia: XXEE/director pedagóxico	Orientadora / profesor titor	
	TDAH				
	Altas capacidades intelectuais				
	Condicións persoais, Hº escolar				
	Dificultades específicas do aprendizaxe	Retraso madurativo			
		Dificultades lectoescritura			
		Desfase curricular			
		Promocionó con materias suspensas			
		Permanece no curso			
	Nee	Discapacidade			
Trastorno grave de conducta					
Medidas de carácter ordinario	Agrupamentos flexibles		Titor	Orientadora /Departamento de Orientación	
	Reforzo educativo :p. apoio		Profesor de Reforzo Educativo		
	Desdobramentos de grupo		Titor		
	Apoio en grupos ordinarios		Titor/ profesor de reforzó Educativo		
	Docencia compartida		Titor		
	Titoría de acollida		Titor de acollida		
	Adaptacións metodolóxicas e de acceso ó currículo: PTI		Titor, coordinando equipo educativo		
Medidas de carácter singular	Programa de refuerzo de matus pendentes		Tutor coordinando profesor de materias pendentes		
	Plan específico personalizado para o alumnado que non promocióne		Titor, coordinando equipo educativo		
	Plan de traballo alumnado con graves problemas salud		Titor		
	Flexibilización escolarización acneae		Orientadora		
	Programa de inmersión lingüística		Titor acollida		
	Adaptación curricular significativa acnee		Titor / orientadora		
	Enriquecemento e/o ampliación do currículo		Titor/PT/ Profesor de Reforzo Educativo/orientadora		
	Atención educativa alumnado TDHA		Tutor/PT/ Profesor de Reforzo Educativo/Orientadora		
	Acompañamento escolar		Titor acollida		
Responsable da xestión da medida; elaboración, coordinación, avaliación, seguimento e accións correctivas de selo caso.					

Informada a familia polo titor, con apoio presencial da orientadora, profesor da materia u outros si se considera oportuno



PAD 8. CONTROL DO ABSENTISMO E SEGUIMENTO.



PAD 9. COORDINACIÓN COS SERVIZOS EXTERNOS.

ACCIÓN	RESPONSABLE	ASESORA
Coordinar as relacións e accións cos servizos, persoas e institucións	Director pedagóxico	
Servizos Sociais do Concello	Orientadora	
Servizos de Saude Mental	Orientadora	Titor alumno
Profesionais privados: psicólogos,, médicos...	Orientadora	Titor alumno
Equipo de titularidade	Director pedagóxico	
Parroquia/ espiritual	Coordinadora Pastoral	ET: Área Pastoral
Asociacións do barrio	Coordinadora Pastoral	ET: Área Pastoral
Servizo de Inspección	Director pedagóxico	ET: Área Pedagóxica
Departamentos de orientación	Orientadora	ET: Área Pedagóxica
Centro de formación profesores	Orientadora	ET: Área Pedagóxica
Avaliación e toma de decisións:		
	Continuidade	
Accións correctivas		

Autorización
familiar

PAD 10. SEGUIMIENTO CAMBIO DE ETAPA

